



**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO  
DO CONCELLO O DÍA VINTE DE OUTUBRO DO DOUS MIL CINCO.**

**ASISTENTES**

**ALCALDE-PRESIDENTE**

D. Melchor Roel Rivas

**CONCELLEIROS**

D. Francisco Luis Rodríguez Guerreiro, D. José Luis Docampo Fortes, D. Rafael Luis Fernández Amor, D. César Ricardo Naval Parapar, D<sup>a</sup>. María Rebeca Fernández Martínez, D<sup>a</sup>. Ana María Basanta Tojo, D. José Antonio Goás Basanta, D. César Aja Mariño, D. José Joaquín Gayoso Roca, D. Guillermo Leal Arias, D. Justo Vicente Vázquez Chao, D. Antonio Solla Díaz, D<sup>a</sup>. Marta Pérez Lage, D<sup>a</sup>. Rosario Canoura Labayén e D. José Antonio Bouza Rodil.

**EXCUSA A SÚA AUSENZA.**

D. Orlando Expósito Mariño

**SECRETARIA**

D<sup>a</sup>. Sara Martínez Álvarez

Na Casa do Excmo. Ayuntamiento de VIVEIRO, sendo as vinte horas e trinta minutos do día vinte de outubro do dous mil cinco, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, D. Melchor Roel Rivas, e coa asistencia dos Sres. Concelleiros relacionados anteriormente, así como a da Secretaria, D<sup>a</sup>. Sara Martínez Álvarez, celébrase sesión ordinaria do Pleno do Concello, en primeira convocatoria.

Á hora sinalada para este acto, polo Sr. Alcalde, declárase aberto o mesmo.

**1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN  
EXTRAORDINARIA CELEBRADA O 1 DE AGOSTO DE 2005.**

Polo Sr. Alcalde, D. Melchor Roel Rivas, pregúntase aos Sres. Concelleiros se teñen algunha observación que facer ao acta da sesión extraordinaria do 1 de agosto do 2005 e non producíndose ningunha, polo propio Sr. Alcalde solicítase de Secretaría se inclúa a resposta literal que lida por el se deu á pregunta primeira do PP, aínda que sinala que o recollido na acta, en extracto, asustase ao contido da súa contestación.

E o Pleno da Corporación, por unanimidade dos membros presentes (dezaseis) acorda aprobar a dita acta.

**2º.- PROPOSTA DE APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN  
PUNTUAL DO PLAN ESPECIAL DE PROTECCIÓN E REFORMA INTERIOR  
(PEPRI) DO CENTRO ANTIGO DE VIVEIRO.**

Polo Sr. Alcalde dáse conta do dictame favorable, por maioría, coa abstención do PP, emitido na sesión da Comisión Informativa de Obras e Urbanismo, celebrada o día 18 de outubro. A seguir, expón, dunha forma xeral o asunto, indicando que a presente modificación abrangue tres actuacións que son as que, seguidamente, dí:



Praza Maior, 1 27850-Viveiro (Lugo) Tel.:982560128 Fax:982561147 Email:viveiro@fegamp.es

1.- Modificación dunha parcela edificable de 200 m2. e que adquire o Concello que pasa a estar rexida como espazo libre.

2.- O edifizio situado na Avda. de Cervantes con Antonio Bas que se destina na actualidade a actividades lúdicas e que está baixo a ordenanza espazo libre, pasa a ser dotacional.

3. Na zona do Convento de San Francisco, modificándose vías e espazos libres, recortándose a lonxitude da rotonda prevista no PEPRI co fin de evitar expropiacións e a execución dun muro de contención. Igualmente, indica que se pega á vía con escaleira de acceso á anterior rotonda dende a Avda. Benito Galcerán ao edifizio recentemente construído, trasladando o espazo libre cara á casa de indianos; substitúese tamén o espazo libre previsto entre os bloques un e dous dos edifizos en construción, por unha vía pública con escaleiras debido á gran pendente existente e, por último, executarase unha faixa de 2 m. de ancho pavimentada con grava miuda para limpeza e mantemento do monumento.

Aberta a quenda de intervencións, prodúcese a do Voceiro do PP, D. César Aja Mariño, que dí que o seu Grupo non ten inconveniente coa modificación proposta da parcela que na actualidade é edificable, pero que non ten que recoller o documento que é de propiedade municipal xa que entende que aínda non é de propiedade municipal polo que dí se van a abster.

En canto aos terreos da antiga OJE, dí que o Convenio se fixo coa familia Pérez –Abadín e Cariñés, polo que se manteñen có recollido no PEPRI segundo Convenio.

Respecto á proposta refirida aos aledaños ao Convento manifesta a conformidade do seu Grupo coa mesma, formulando a suxestión de que se realice a votación, da modificación do PEPRI proposta, por Puntos.

Seguidamente interven o Voceiro do PS deG-PSOE, D. Rafael Fernández Amor, dí que manteñen a proposta tal e como figura na orde do día da sesión, salvo que polo Sr. Alcalde se indique outra cosa.

A continuación polo Voceiro do BNG e primeiro Tenente de Alcalde, D. Francisco Luis Rodríguez Guerreiro, expónse que efectivamente a parcela a que se refire o punto 1 da proposta de modificación puntual do PEPRI, como indicou o Voceiro do PP, vai ser de propiedade municipal pero aínda non é, polo que ese extremo pode corrixirse no documento. Continúa dicindo que quere xustificar porque o seu grupo o apoiou fai anos, citando a Villamil e Castro que o califica como o gótico máis esbelto de Galicia, e non ten sentido dí, que se manteña como está, cun muro pegado. Sinalando que son defensores dunha Praza, que non grande Praza, xa que a superficie existente é limitada, que ao mellor nun futuro é maior, pero que neste momento non hai posibilidades de desfacerse do edificio aledaño, polo que conclúe dicindo que non cabe outra alternativa que a de modificar o PEPRI de Viveiro; sinalando a seguir que tamén miraron a posibilidade de eliminar o valado do Campo de Deportes e que supón perder unha pista da que habería que buscar outro emprazamento; e que o asunto do estacionamento a realizar, por razóns prácticas e económicas non é o momento, resultando non factible.

O Sr. Alcalde-presidente indica que é posible corrixir a redacción do punto nº 1 do apartado 2 do documento modificando a referencia á propiedade municipal da parcela pois vai ser de propiedade municipal segundo o documento da opción de compra suscripto polo Concello e os propietarios.



Praza Maior, 1 27850-Viveiro (Lugo) Tel.:982560128 Fax:982561147 Email-viveiro@fegamp.es

Seguidamente, pregunta á Secretaría do Concello se legalmente é posible a votación da aprobación do asunto por Puntos; contestando á aludida que ao tratarse dunha sesión de carácter extraordinario hai que axustarse á orde do día da Sesión.

Nunha nova intervención polo Voceiro do PP, D. César Aja Mariño, indícase que referente ao edificio da OJE, a modificación proposta perxudica máis que favorece ao Concello, xa que ao estar dito edificio fora de ordenación, o valor é moito menor; e que ese Edificio que tiña unhas lembranzas históricas que molestaban a determinadas persoas, que agora se promova a súa conservación...

Ao que resposta o Voceiro do BNG manifestando que ese Edificio é de propiedade pública polo que lle parece un despilfarro derribalo.

A continuación, polo Sr. Alcalde maniféstase que se non hai outras intervencións, vai proceder a pasar á votación, indicando que esta non se realizará por partes, senón polo punto da Orde do Día que é o que se dictaminou na sesión da Comisión Informativa de Obras.

Prodúcese a votación, e o Pleno da Corporación, por maioría de oito votos a favor (PSde G-PSOE e BNG) e oito abstencións (PP), o que supón acadar a maioría simple do número legal, de conformidade co disposto no artigo 47 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, na redacción dada pola Lei 11/1999, de 21 de abril, de modificación da citada anteriormente, e aprobar inicialmente a modificación puntual do Plan Especial de Protección e Reforma Interior (PEPRI) do centro antigo de Viveiro (Lugo), promovido polo Excmo. Concello e redactado polo técnico municipal, enxeñeiro de camiños, canles e portos, D. Alfonso Tenorio Aranguren e a aparelladora da Oficina de Rehabilitación, D<sup>a</sup>. Irene Fernández Cora.

Dáse traslado do expediente ao departamento de obras e urbanismo, para a tramitación que é preceptiva facer, de conformidade cos artigos 83 e seguintes da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, modificada pola Lei 15/2004, de 29 de decembro.

### **3º.- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DA OBRA “PROXECTO MODIFICADO Nº 2 DA NOVA CASA CONSISTORIAL”.**

Polo Sr. Alcalde expónse a proposta da mesa de contratación, indicando que polo tipo de licitación resulta máis favorable a feita pola empresa J. Naray, S. L.

Aberta a quenda de intervencións, prodúcese a do Voceiro do PP, D. César Aja Mariño, que reitera as dúbidas xa manifestadas noutras sesións, xa que considera que a dotación económica orzamentaria do ano 2004, incorporada, mediante a prórroga ao Presuposto deste ano, proviña dunha subvención da Xunta de Galicia que se gastou no 2004, toda ou en parte, polo que no presente ano non existe. Non obstante, indica que o seu grupo non vai a interromper a construción da nova Casa Consistorial e por iso vanse abster.

En contestación, o Sr. Alcalde-presidente resposta que o Excmo. Sr. Conselleiro entón, Sr. Palmou, comprometeuse coa cantidade non executada para 2005 e como tal comunicouse oficialmente ao Concello, polo que indica que se alguén ten unha comunicación noutro sentido, que o manifeste.



Seguidamente, o Voceiro do BNG, D. Francisco Luis Rodríguez Guerreiro, manifesta que é unha pena que non asista César Aja ás Comisións Informativas de Obras, pois lembrará o vocal pertencente ao PP, Antonio Solla, que respecto á proposta de adxudicación que aquí se trata, nunha primeira parte, todos os membros desta Comisión estiveron de acordo coa valoración económica, engadindo que quixeron ter unha reunión co Director do proxecto, Sr. Freixedo Alemparte, para contar coa súa opinión e que cre foi, por unanimidade, que quedaron en darlle conformidade á opinión técnica.

En contestación, e por alusións, intervén o Concelleiro do PP, D. Antonio Solla Díaz, sinalando que efectivamente houbo dúas reunións, unha económica e outra técnica. Puntualizando que na segunda destas, que tivo lugar o día 12, sábado, estaba presente o arquitecto citado e o aparelador da obra e que el mesmo veu ao Concello e estivo de acordo en que o que estimaran os técnicos lle serviría, pero indica que agora se está a falar do que ocorre nunha mesa de contratación, pero o problema económico non se suscitou nesa reunión, senón noutras ocasións, afirmando que na adxudicación, en canto á oferta, xa que é a mellor, está de acordo coa empresa “Naray”, pero afirma que na segunda reunión, xa que era puramente técnica, el non participou.

Nunha nova intervención, o Voceiro do PP dí que non pon en dúbida o dito polo Sr. Alcalde, xa que os fondos do 2004 proviñan da Xunta de Galicia e, polo tanto, non eran propios do Concello, ao que o Sr. Alcalde-presidente respondeu que existe un certificado expedido polo Interventor de entón que acredita a consignación orzamentaria.

Non se producen outras intervencións, e o Pleno da Corporación, por maioría de oito votos a favor (PS de G-PSOE e BNG) e oito abstencións (PP), acorda, de conformidade coa proposta de adxudicación elaborada pola mesa de contratación, adxudicar a contratación da obra “PROXECTO MODIFICADO Nº 2 DA NOVA CASA CONSISTORIAL” á empresa J. Naray, S. L., polo importe de UN MILLÓN DOUSCENTOS OITENTA E NOVE MIL SEISCENTOS NOVENTA EUROS (1.289.690 euros).

Dáse traslado ao departamento de obras e urbanismo para a notificación ao adxudicatario e a tramitación administrativa correspondente.

#### **4º.-PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA AO EXPEDIENTE DE REPARCELACIÓN DE MAGAZOS.**

Polo Sr. Alcalde exponse que como lembrarán os Concelleiros a aprobación definitiva deste expediente se produxo en xullo do 2000 e que se enviou a documentación á Notaría sendo devolto cando xa tomara posesión este goberno ao obxecto de que se asinara polo anterior Alcalde e a Secretaria; para a continuación, dar conta dos feitos que se reflectan na proposta súa que, textualmente, dí:

“Esta Alcaldía expón os seguintes feitos En relación coa “Reparcelación en Magazos”:



Praza Maior, 1 27850-Viveiro (Lugo) Tel.:982560128 Fax:982561147 Email:viveiro@fegamp.es

En relación ao documento denominado “*Reparcelación en Magazos SUU2 (PII)*”, e revisado o expediente administrativo completo da tramitación levada a cabo no Servizo de Urbanismo deste Concello, de cara a súa aprobación definitiva,

1. Decreto de Alcaldía, de 25 de abril de 1997, aprobando inicialmente o proxecto denominado “*Reparcelación de Xunqueira-Magazos SUU2 – (PII)*”, redactado por Monsa urbanismo, e acordando a apertura dun período de información pública de vinte días para que os afectados poidesen examinar o expediente e presentar as alegacións procedentes. Este anuncio deberíase publicar no Diario Oficial de Galicia e nun dos periódicos de maior circulación da provincia.
2. Publicación de anuncio no Diario Oficial de Galicia de 6 de agosto de 1997, no que se concede un prazo de vinte días para examinar o expediente e presentar as alegacións pertinentes.
3. Decreto da Alcaldía, de 14 de xullo de 2000, aprobando definitivamente o proxecto de Reparcelación en Xunqueira-Magazos SUU2 (PII), de acordo co texto redactado pola entidade Monsa Urbanismo.
4. Publicación de aprobación definitiva no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e no Diario Oficial de Galicia.
5. Todos eses expedientes, co correspondente acordo da Comisión de Goberno, se achegaron ás oficinas do equipo redactor do proxecto de reparcelación en Magazos, a empresa Monsa Urbanismo de Lugo, para a confección das separatas correspondentes e o seu posterior traslado ao Rexistro da Propiedade de Viveiro.
6. Unha vez confeccionado o documento completo, preparado con todos os requisitos esixibles, presentouse en man no Rexistro da Propiedade de Viveiro, no primeiro semestre do ano 2003, sen que figure escrito con rexistro de saída no expediente administrativo de tramitación, nin tampouco no Rexistro Xeral do Concello. Polo tanto, non se pode coñecer con exactitude a primeira presentación deste documento no Rexistro da Propiedade, nin quen procedeu a súa entrega.
7. Unha vez revisado o expediente polo Rexistro da Propiedade, devolveuse ao Concello, xa que os documentos que o integraban carecían de asinado.
8. Recibido novamente no Concello o expediente, necesitouse proceder ao asinado completo do mesmo por parte da Secretaria do Concello e máis do anterior Alcalde, don César Aja Mariño.
9. Unha vez realizado este trámite, achegouse novamente o expediente ao Rexistrador, mediante escrito con rexistro de saída número 1319, de 20 de abril de 2004. No citado escrito indicábase ao señor rexistrador a enorme importancia que supoñía para o Concello a necesidade de plans de urbanización para o desenvolvemento da edificación en zona urbana, debido ás carenzas de solo edificable, á vez que se mostraba a necesidade que supoñía para os propios titulares das parcelas, dispor libremente das súas propiedades. Polo tanto,



Praza Maior, 1 27850-Viveiro (Lugo) Tel.:982560128 Fax:982561147 Email:viveiro@fegamp.es

incidíase na axilización da tramitación do expediente de cara a poder formalizar as novas escrituras das novas parcelas resultantes, segundo os citados reparcementsos.

10. Segundo confirmación verbal do Rexistrador da Propiedade, na tramitación realizada omitiuse a petición rexistral das parcelas incluídas no polígono obxecto de reparcelación, polo que solicitaba que se completara a tramitación, tendo en conta ese aspecto.
11. Polo devandito, neste momento o Rexistro da Propiedade agarda que se complete o trámite solicitado, para dar así continuidade ao expediente e poder formalizar o rexistro e escritura das novas propiedades.

Resultando: Que polo Rexistro da Propiedade non se inscribe o proxecto de reparcelación de Magazos ao considerar que non se citou aos titulares que constan no Rexistro como posibles afectados

Solicito ao pleno municipal ádote os seguintes acordos:

- a) Requirir do Rexistro da Propiedade a fin de que remita a este Concello a relación de Propietarios rexistrados que poideran verse afectados polo mencionado proxecto de reparcelación, incluíndo os datos de cada un deles que consten no Rexistro.
- b) Suspender cautelarmente a execución do Proxecto de Reparcelación.”

Aberta a quenda de intervencións, prodúcese, en primeiro lugar, a do Voceiro do PP, D. César Aja Mariño, que dí que se se suspende a reparcelación como dispón a proposta da Alcaldía, daquela poderíanse dar licenzas de obra, polo que considera máis doado suspender cautelarmente a reparcelación e o outorgamento de licenzas.

En contestación, intervén o Voceiro do BNG, D. Francisco Luis Rodríguez Guerreiro, que dí que no caso precedente non se poderían outorgar licenzas de obra pois o propietario non tería a titularidade do terreo.

Solicita intervir o Concelleiro do PP, D. José Joaquín Gayoso Roca, que dí que un Concello non outorga licenzas se a titularidade dun terreo é pública pero se a propiedade é privada esta non tería que demostrar a súa titularidade ante o Concello, neste caso o problema sería que o que estaría rexindo sería o instrumento urbanístico anterior á reparcelación. Indicando, a seguir, que este problema se presentou ao deixar sen efecto o Plan Xeral.

O Sr. Alcalde dí que o Plan Xeral de Ordenación Municipal decaíu porque había un prazo para aprobalo e este non se cumpríu e que esta proposta trátase dunha suspensión cautelar e non deixar sen efecto. Sinalando, finalmente, que se non se pode arranxar o asunto, habería que modificar o PEPR de Valdeflores, pois as alturas que contempla para as edificacións arredor do Convento ...



Praza Maior, 1 27850-Viveiro (Lugo) Tel.:982560128 Fax:982561147 Email:viveiro@fegamp.es

Nunha nova intervención, o Concelleiro, Sr. Gayoso Roca, manifesta que o que propón a Alcaldía pode entenderse como unha suspensión cautelar da aprobación definitiva ao expediente de reparcelación de Magazos..

Non se producen outras intervencións, e o Pleno da Corporación, por unanimidade, dos membros presentes (dezaseis), acorda:

**PRIMEIRO.-**

a) Requirir do Rexistro da Propiedade que remita ao Concello a relación de propietarios rexistrados que poideran verse afectados polo proxecto de reparcelación en Magazos, incluíndo os datos de cada un deles que consten neste Rexistro.

b) Suspender cautelarmente a aprobación definitiva e execución do proxecto “REPARCELACIÓN EN MAGAZOS, S.U. 2 (P II)”.

SEGUNDO.- Comunicar o presente acordo ao departamento de obras e urbanismo para a súa remisión ao Rexistro da Propiedade.

#### **5º.- PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA AO EXPEDIENTE DE REPARCELACIÓN DE VALDEFLORES.**

Polo Sr. Alcalde-presidente indícase que como se debateu o asunto no punto anterior se os Concelleiros desexan efectuar algunha puntualización; como quera que non se producen máis intervencións procédese a efectuar a votación.

E o Pleno da Corporación, por unanimidade, dos membros presentes (dezaseis), acorda:

**PRIMEIRO.-**

b) Requirir do Rexistro da Propiedade que remita ao Concello a relación de propietarios rexistrados que poideran verse afectados polo proxecto de reparcelación en Valdeflores os datos de cada un deles que consten neste Rexistro.

b) Suspender cautelarmente a aprobación definitiva e execución do proxecto “REPARCELACIÓN EN VALDEFLORES”

SEGUNDO.- Comunicar o presente acordo ao departamento de obras e urbanismo para a súa remisión ao Rexistro da Propiedade.

#### **6º.-MOCIÓN SOBRE CREACIÓN DE ESCOLAS DEPORTIVAS MUNICIPAIS.**

Polo Sr. Alcalde-presidente, D. Melchor Roel Rivas outórgase o uso da palabra ao Concelleiro Delegado de Deportes, D. José Antonio Goás Basanta, que espon que se trata de dar un carácter formal ás Escolas Deportivas Municipais que de feito xa veñen funcionando.

Aberta a quenda de intervencións prodúcese a do Concelleiro do PP, D. Antonio José Bouza Rodil, que manifesta lle parecería máis doado que a moción levara outro



Praza Maior, 1 27850-Viveiro (Lugo) Tel.:982560128 Fax:982561147 Email:viveiro@fegamp.es

título, o de moción sobre o Regulamento, e que potenciar o deporte de base considera é fundamental, e pregunta a seguir. ¿Vai supor un maior custo económico ou novos salarios?, xa que dí que podería pensarse que existe unha contradicción.

Polo Sr. Alcalde, se dí que estan de acordo con que o Regulamento sexa o que o estableza, aínda que non existe nestes momentos formalmente creadas ditas Escolas e que para o vindeiro ano espereran que o Regulamento estea en vigor e a taxa se devengue.

A continuación, polo Concelleiro-delegado de Deportes, D. José Antonio Goás Basanta, ratifícase o dito polo Sr. Alcalde e engade que coas cotas que se están a cobrar e que agora mesmo non repercuten no Concello, vai ser factible contratar monitores; polo tanto preteden elaborar un regulamento que consensuarán.

Non se producen outras intervencións, e o Pleno da Corporación, por unanimidade dos membros presentes (dezaseis), acorda prestar aprobación á dita moción que, textualmente, dí:

#### **“ANTECEDENTES**

Dada actividade deportiva no Concello de Viveiro, e tendo en conta os clubs deportivos existentes: fútbol, fútbol-sala, piraguismo, baloncesto, balonmán, atletismo, tenis, badminton....., Como é sabido unha maioría destes clubs, teñen subcritos Convenios co Concello (mediante o cal xa dispoñen de escolas de base).

Aínda así, existen outras disciplinas deportivas con unha importante demanda entre os escolares do Concello, que veñen desenrolando a súa actividade coa denominación de “Escolas Deportivas Municipais”, sen estar creadas a xeito oficial.

Faise preciso polo tanto que o Pleno do Concello se pronuncie, para así dotar as Escolas Deportivas Municipais dunha cobertura formal, xa que de “facto” veñen existindo, así como regular o cobro das cuotas, tal e como dispón a Ordenanza nº 23 deste Concello no seu artigo 9, actualmente en vigor

Polo antedito,

#### **SOLICITO QUE O PLENO DO CONCELLO**

1.- Se pronuncia sobre a Creación das Escolas Deportivas Municipais de Atletismo, Badminton, Natación, Triatlón, e Duetlón, Tenis, e Baloncesto do Concello de Viveiro.

2.- Unha vez creadas, se dé un prazo de 2 meses ao Goberno Municipal para a elaboración do Regulamento das devanditas Escolas, para que o un de Xaneiro do 2006 estén funcionando de xeito oficial.”





Praza Maior, 1 27850-Viveiro (Lugo) Tel.:982560128 Fax:982561147 Email:viveiro@fegamp.es

**7º.-MOCIÓN DO BNG RELATIVA Á DECLARACIÓN DO PATRIMONIO ORAL GALEGO-PORTUGUÉS COMO OBRA MESTRA DO PATRIMONIO DA HUMANIDADE.**

Polo Voceiro do BNG, D. Francisco Luis Rodríguez Guerreiro, dáse lectura da moción.

Non se producen intervencións, e o Pleno da Corporación, por unanimidade dos membros presentes (dezaseis), acorda prestar aprobación á dita moción que, textualmente, dí:

**“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.**

A Asociación Cultural e Pedagóxica “ Ponte ... nas ondas!”, integrada por profesorado de máis de 40 escolas de Galiza e Portugal, ten entre os seus obxectivos a recuperación do patrimonio cultural común galego-portugués. Froito do traballo realizado sobre este tema, xurdiu a proposta de candidatar o Patrimonio Inmaterial galego- portugués diante da UNESCO para que sexa declarado Obra Mestra do Patrimonio da Humanidade.

A UNESO contempla- ademais da posibilidade de presentar cada dous anos unha candidatura por parte dun Estado- a opción de presentar candidaturas multinacionais naqueles casos nos que exista un patrimonio vivo e diverso que se extenda máis alá das fronteiras políticas dun Estado. Así mesmo, a UNESCO establece un procedemento para a presentación destas candidaturas no que a iniciativa debe partir da sociedade civil, ser posteriormente apoiada por institucións e entidades e, finalmente, presentada polos gobernos. Así, o pasado 18 de outubro foi presentada na División do Patrimonio Inmaterial da UNESCO a candidatura do Patriminio galego-portugués para o seu recoñecemento como Obra Mestra do Patrimonio da Humanidade, avalada polos gobernos portugués e español. A resolución de tal proceso, e a proclamación, están previstas para **o día 25 de Novembro deste mesmo ano 2005.**

A cultura oral común galego portuguesa conforma un amplo abano de manifestacións literarias, musicais e etnográficas ( cantigas, lendas, romances, cantos, regueifas, celebracións do ciclo agrario e da natureza, etc.) enraizadas na tradición, e que perviven aínda en amplas zonas do territorio comprendido entre o Douro e o Cantábrico como expresións dunha continuidade histórico- cultural de moita antigüidade. Sen embargo, e por mor dos cambios económicos e sociais acontecidos nas últimas décadas (desaparición de modos de vida e actividades económicas tradicionais, procesos de urbanización, influencia de medios de comunicación, etc.), esta comunidade cultural milenaria está perdendo vitalidade e moitas manifestacións que a contitúe están a risco de desaparición. Para mudar, pois, esta tendencia faise necesaria unha actuación coordinada por parte das administracións, as institucións académicas e educativas, e a sociedade civil, encamiñada a protexer, coñecer, recuperar e darlle difusión a esta parte fundamental da identidade cultural dos pobos.

A candidatura presentada pola Asociación Cultural e Pedagóxica “Ponte.... nas ondas!” pode constituir un importante punto de partida para conseguir unha maior atención a este rico patrimonio, e un maior compromiso por parte da sociedade e das



Praza Maior, 1 27850-Viveiro (Lugo) Tel.:982560128 Fax:982561147 Email:viveiro@fegamp.es

institucións para a súa conservación e promoción. Ademais, redundaría nun meirande coñecemento mutuo entre os dous pobos e contribuiría a consolidar e impulsar as crecentes relacións institucionais, sociais e culturais entre Galiza e o norte de Portugal.

O feito de que se trate dunha iniciativa nacida no deo da sociedade, por medio dunha asociación integrada por centros educativos de Galiza e do norte de Portugal e por escolas asociadas a rede da UNESCO, e que xa fora apoiada por diversas institucións académicas e entidades educativas e culturais dos dous territorios outórgalle aínda unha maior relevancia. Ademais, a declaración como Obra Mestra do Patrimonio da Humanidade sería de gran transcendencia para o coñecemento e a promoción do patrimonio oral común galego- portugués, a maiores de constituír unha iniciativa exemplar dentro da construción da identidade europea.

Por todo o exposto, o Grupo Municipal do BNG, propón ao Pleno a adopción dos seguintes

#### ACORDOS:

1.- A Corporación Municipal expresa o seu apoio á candidatura presentada pola Asociación “Ponte .....nas Ondas!” para a declaración do patrimonio oral e inmaterial galego-portugués como Obra Mestra do Patrimonio Oral e Inmaterial da humanidade.

2.- O Concello dirirase á Comisión Promotora da Candidatura, a través da páxina web da mesma [www.opatrimonio.org](http://www.opatrimonio.org) para manifestarlle, mediante certificación deste acordo á candidatura desta Corporación Municipal.

3.- O Concello dará noticia da adopción deste acordo aos medios de comunicación co obxectivo de contribuir á implicación da sociedade galega nos procesos de apoio desta candidatura .

4.-O Concello solicitará do Goberno Galego e das Administracións española portuguesa o apoio a iniciativas encamiñadas a favorecer o intercambio e a cooperación social e cultural entre Galicia e Portugal e, nomeadamente, aquelas propostas que teñen como obxectivo o coñecemento, impulso e divulgación da cultura oral común galego-portuguesa.

5.- O Goberno Municipal promoverá, dentro do seu marco territorial e competencial, actividades na defensa deste patrimonio inmaterial galego-portugués.”

#### **8º.- DACIÓN DE CONTA DA ALCALDÍA DAS XESTIÓNS REALIZADAS POLO ASUNTO DA CELEBRACIÓN DOS XUÍZOS DO PENAL EN VIVEIRO.**

Polo Sr. Alcalde dáse conta das xestións levadas a cabo co resto dos Alcaldes dos concellos cabeceira de Partido Xudicial, afectados como Viveiro, tales como Mondoñedo, Monforte o Barco e Verín e dun pronunciamento do Parlamento de Galicia sobre o asunto, sinalando que nestes momentos a solución está en man da Sala do Goberno do TSXG e que se non accede á petición haberá que acudir ao Consello Xeral do Poder Xudicial. Indicando que se interesaron polo terceiro Fiscal e trataron de que



Praza Maior, 1 27850-Viveiro (Lugo) Tel.:982560128 Fax:982561147 Email:viveiro@fegamp.es

este se estableza en Viveiro e que aínda que dí que é verdade que a Xunta de Galicia non decide neste asunto, non é menos verdade que quen aboa os soldos do destacamento é a propia Xunta de Galicia.

Nunha breve intervención, o Concelleiro do PP, Sr. Gayoso Roca, dí que oficiosamente comunicouse ao Colexio de Abogados que a Xunta de Xuices de Lugo se inclina polo mantemento dos xuízos do penal con periodicidade mensual.

E o Pleno da Corporación, por unanimidade dos membros presentes (dezaseis), acorda darse por informado.

**9º.- APROBACIÓN INICIAL DO SUPLEMENTO DE CRÉDITO E GASTOS DAS FESTAS DO MES DE AGOSTO DE 2005, POR IMPORTE DE 27.886,70 EUROS.**

Polo Sr. Alcalde expónse que prevían a recadación de 30.000 euros pola venda de bonos, pero como se ingresaron 59.000 euros, cómpre incluír na consignación orzamentaria estes 29.000 euros para poder aboar facturas por este importe, indicando que hai outras cantidades que se incorporarán nun futuro suplemento de crédito.

Aberta a quenda de intervencións, prodúcese a do Voceiro do PP, D. César Aja Mariño, que sinala que se se incluíran neses bonos os que se venderon no concerto de Bebe.

Polo Voceiro do PS de G-PSOE, D. Rafael Luis Fernández Amor, respóndese que é a maior recadación da historia no Concello de Viveiro.

Nunha nova intervención o Voceiro do PP contéstalle que o PP non recadaba que os que si o facían eran “Filesa”, “Matesa”...

Non se producen outras intervencións, e procédese a efectuar a votación, e o Pleno da Corporación, con oito votos a favor (PS de G-PSOE e BNG) e oito votos en contra (PP), acada un empate, polo que se volta a efectuar a mesma co voto de calidade do Sr. Alcalde; polo que o Pleno da Corporación, por nove votos a favor (PS de G-PSOE, BNG e voto de calidade do Alcalde) e oito votos en contra (PP), acorda aprobar inicialmente o suplemento de crédito por importe de 29.954,40 euros, que se desglosa da seguinte maneira:

Partida financiadora e importe	Decripción
484 29.020 €	Aportación de particulares a festas patronais.
123.226 934,40 €	Gastos corrientes diversos de exercicios anterior. Recoñecemento extraxudicial de créditos.



Praza Maior, 1 27850-Viveiro (Lugo) Tel.:982560128 Fax:982561147 Email:viveiro@fegamp.es

Comuníquese o presente acordo ao departamento de Intervención para a súa tramitación.

**10º.- DACIÓN DE CONTA DE RESOLUCIÓNS DICTADAS POLA ALCALDÍA.**

O Sr. Alcalde dá conta dos Decretos asinados dende o último Pleno, os cales estiveron á disposición dos Concelleiros coa restante documentación integrante do Pleno.

Non se producen intervencións, e o Pleno da Corporación, por unanimidade dos membros presentes (dezaseis) acorda darse por informado dos Decretos da Alcaldía.

**11º.- ROGOS E PREGUNTAS**

Polo Voceiro do PP, D. César Aja Mariño, faise o rogo de que a nome de toda a Corporación se felicite, con motivo do seu nomeamento como Coronel da Garda Civil e Xefe da Garda Civil do Mar, a D. Gregorio Guerra, nativo do Concello de Oourol, pero con moita relación co noso Concello.

E o Pleno da Corporación, por unanimidade, manifesta a súa conformidade coa dita felicitación.

Dáse traslado do presente ao Secretario do Alcalde para a súa notificación.

E sen máis asuntos a tratar, o Sr. Alcalde da por rematada a sesión, cando son as vinte e unha horas e corenta e cinco minutos, estendéndose de todo o tratado a acta, da que eu, Secretaria, dou fe.